



ANEXO

BASES QUE REXEN A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE SELECCIÓN NO PROGRAMA: “V INTERCAMBIOS ESCOLARES. VIVIR NOS MUNICIPIOS DO EIXO ATLANTICO”.

O **Eixo Atlántico** é unha asociación transfronteiriza de Dereito público, integrada por Municipios e entidades da Administración Local que configuran o sistema urbano da **Eurorrexión Galiza – Norte de Portugal**, na que está integrado o Concello da Coruña.

No grupo de traballo de Educación e Cultura do dito Eixo levamos varios anos desenvolvendo o proxecto de “**Intercambios Escolares. Vivir nos municipios do Eixo Atlántico**”, programa no que o alumnado dunha cidade portuguesa participa nun intercambio co alumnado da nosa cidade, tal como se recolle no “Regulamento de Intercambios Escolares do Eixo Atlántico”.

O 11 de decembro de 2025, realizouse un sorteo entre as cidades galegas e portuguesas do Eixo Atlántico participantes, pola organización do Eixo Atlántico, para o curso 2025/2026 para determinar o destino do intercambio do alumnado da nosa cidade en Portugal, que resultou ser Guimarães.

As presentes bases teñen por obxecto a selección dun grupo escolar de alumnado de 5º ou 6º curso de educación primaria de centros públicos do Concello da Coruña cara a súa participación no programa V INTERCAMBIOS ESCOLARES. VIVIR NOS MUNICIPIOS DO EIXO ATLANTICO, cas seguintes **cláusulas**:

Primeira.- OBXECTO E DESCRICIÓN DO PROGRAMA

- 1.1. O programa persegue como **finalidade** compartir experiencias entre escolares de concellos de Galicia e Portugal integrantes do Eixo Atlántico; especificamente para darlle a coñecer o municipio de A Coruña ao alumnado dun centro educativo da cidade portuguesa designada: Guimarães .
- 1.2. Cos seguintes **obxectivos**:
 - Promover entre o alumnado e docentes o coñecemento do seu municipio, dos municipios integrantes do Eixo Atlántico e do propio Eixo Atlántico, así como do seu patrimonio (cultural, natural, inmaterial).
 - Facilitar o intercambio entre estudantes dos diversos municipios do Eixo Atlántico .
 - Concienciar o alumnado da importancia de vivir nun municipio integrante do Eixo Atlántico e que conforman unha Eurorrexión.
 - Promover a realización de experiencias didácticas que potencien o uso do municipio como recurso educador.
- 1.3. **Temporalización**: os intercambios terán lugar durante 2 ou 3 días nos meses de abril ou maio de 2026, nas datas que se determinen por ambos municipios, de acordo cos centros educativos participantes.
- 1.4. O programa inclúe os seguintes **servizos**:
 - a) Os desprazamentos de ida e volta A Coruña a Guimarães, para o alumnado seleccionado da Coruña e 2 docentes acompañantes e un/unha técnico municipal.
 - b) O seguro de viaxe e de responsabilidade civil.
 - c) O aloxamento hoteleiro en habitacións dobres con pensión completa do grupo visitante de Guimarães na Coruña.
 - d) Acompañamento dun/dunha monitor/a nas actividades na Coruña.



Concello da Coruña

- e) Os desprazamentos pola cidade da Coruña do grupo seleccionado e aqueles outros gastos que se consideren necesarios para acadar os obxectivos deste programa.
- f) O Concello da Coruña organizará tres sesións de coñecemento da lingua portuguesa para o grupo seleccionado neste programa.

Segunda.- PUBLICIDADE E TRANSPARENCIA

- 2.1. A selección do grupo escolar será realizada polo Concello da Coruña en réxime de concorrência competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade e non discriminación, aplicando os requisitos e criterios de valoración dos proxectos fixados nestas bases.
- 2.2. O procedemento para a selección do grupo escolar iniciárase de oficio mediante a correspondente convocatoria, aprobada polo órgano competente do concello, que será publicada na páxina web educativa do concello (www.coruna.gal/educación).
- 2.3. Será tamén neste sitio web onde se realizarán as comunicacións aos grupos solicitantes, sendo responsabilidade destes a súa consulta para obter a información relativa a: prazos de presentación de proxectos, listaxes de seleccionados e xuntanzas e outras cuestións relacionadas co programa.

Terceira.- REQUISITOS PARA PARTICIPAR

- 3.1. Destinatarios:** tal como se recolle no “Regulamento de Intercambios Escolares do Eixo Atlántico”, os ditos intercambios están destinados ao alumnado que estea matriculado en 5º ou 6º de EP, durante o curso académico 2025/2026, de CEIP da cidade da Coruña.
- 3.2. Nº de prazas ofertadas:** no programa participará un único centro educativo. O centro escolar seleccionará entre 15 e 28 alumnas/os de 5º e 6º de EP; cun máximo de 30 participantes (incluído o alumnado e 2 docentes).
- 3.3.** O grupo de alumnado seleccionado para participar no intercambio pode estar configurado por alumnado dun curso ou dous cursos distintos.
- 3.4.** O grupo seleccionado será simultaneamente “grupo anfitrión” e “grupo visitante”.

Cuarta.- INSCRICIÓN NO CONCURSO:

- 4.1. Os centros educativos que desexen participar nesta convocatoria deberán facer a correspondente solicitude en liña completando o formulario electrónico dispoñible na aplicación á que se accede no enlace <http://www.coruna.gal/educacion>, seleccionando na pestana o programa Intercambio Escolar Eixo Atlántico, na convocatoria 2025/2026.
- 4.2. A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada mediante o aplicativo, terá o permiso de creación e presentación da solicitude na que se farán constar, ademais dos datos de identificación do centro e da persoa directora, os datos referentes a : o nome do centro educativo, o grupo escolar, o número e nome e apelidos do alumnado do dito grupo, a persoa responsable do grupo (titor/a ou docente) e o correo electrónico de contacto así como outros datos requiridos.
- 4.3. Presentar, xunto coa solicitude, unha **memoria do proxecto de actividades** para desenvolver na Coruña co grupo visitante, coas seguintes características:



Concello da Coruña

- ✓ O proxecto ten que ser orixinal e en lingua galega.
- ✓ Cunha extensión máxima de 20 páxinas por unha cara, tamaño de letra 11, interliñado 1,5 e formato .pdf, xa sexa de xeito físico ou virtual.
- ✓ E que inclúa:
 - a) Introducción:
 - Nome do grupo e do proxecto, o nome do centro educativo, curso (5º A, 6º C ...), e o profesorado responsable do seu desenvolvemento.
 - b) Actuacións:
 - Obxectivos previstos
 - Actividades específicas no centro e na cidade.
 - Actividades previstas para estimular a participación do alumnado e das familias en toda a súa diversidade.
 - c) Temporalización e recursos
 - d) Persoas implicadas.
 - e) O proxecto poderá ir acompañado con vídeos, fotografías, planos, maquetas o calquera outra aclaración ao proxecto, en arquivo achegado como anexo.

4.4. A temática dos proxectos incluírá aspectos que promovan o coñecemento da cidade da Coruña e do grupo da Coruña ao grupo escolar portugués visitante e, especialmente, actividades na cidade e no centro educativo que promovan o mutuo coñecemento entre os grupos participantes.

Teñen cabida nos proxectos os aspectos relativos a: descrición do centro educativo e o seu barrio e do municipio e os barrios, o patrimonio (cultural, natural e inmaterial), a súa cultura e os seus costumes, as festas, o porto, as infraestruturas, a economía e a sustentabilidade, as tecnoloxías, as oportunidades de ocio, como vemos a cidade no presente, proxectos futuros...; sempre e cando se enmarquen dentro da realidade de nosa cidade.

4.5. Quedarán excluídos aqueles proxectos que non se axusten a estes requisitos.

Quinta._ PRAZOS DE INSCRIPCIÓN DO GRUPO ESCOLAR E DE PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS

5.1. Prazo de inscrición do grupo escolar: será **ata o 31 de xaneiro de 2026, a través de ficha de inscrición** dispoñible na páxina web educativa municipal www.coruna.gal/educacion, que deberá ser realizada polos centros educativos.

5.2. Prazo para presentar a Memoria do Proxecto: será ata o **venres 27 de febreiro de 2026**.

5.3. As memorias teñen que se presentar telemáticamente, a través do correo electrónico educacion@coruna.gal, coa mención no asunto de: "Concurso V Intercambio Escolar Eixo Atlántico".

5.4. Estes prazos poderán ser modificados se o Servizo Municipal de Educación o estima oportuno.

Sexta.- PROCEDEMENTO DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES.

6.1. O Servizo Municipal de Educación valorará as solicitudes recibidas mediante unha **comisión** que estará presidida pola Directora do área de Educación, ou persoa en quen delegue, e integrada por un mínimo de tres persoas do ámbito educativo, designadas polo Servizo Municipal de



Concello da Coruña

Educación, entre os/as seus técnicos/as, o profesorado, titores, técnicos/as, expertos/as ..., unha das cales realizará as funcións de secretaría.

- 6.2. A comisión realizará unha selección dos centros solicitantes en virtude da puntuación obtida segundo os criterios de valoración da cláusula sétima.
- 6.3. Ao tratarse dun programa en réxime de concorrencia competitiva, resultará seleccionado o centro que acade unha maior puntuación no proceso de selección.
- 6.4. No caso de existir renuncias á listaxe definitiva, será seleccionado o seguinte centro educativo con maior puntuación que quedase excluído da listaxe definitiva.

Sétima.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

- 7.1. Ademais do cumprimento dos requisitos recollidos no apartado 2, valoraranse os seguintes **criterios de selección** (ata un máximo de 20 puntos):
 - a) Programa de actividades propostas para acadar o obxectivo xeral do programa: valorando as que promovan o mutuo coñecemento entre os grupos participantes e da cidade, o grao de orixinalidade, a motivación do centro e do alumnado no proxecto, a temporalización das actividades así como a súa viabilidade técnica (ata 10 puntos)
 - b) Aproveitamento dos recursos do centro (biblioteca escolar, aula de informática, sala de usos múltiples, patios, ...) (ata 2 puntos)
 - c) Persoas implicadas: alumnado, profesorado, comunidade educativa, redes,... (ata 3 puntos)
 - d) Materiais elaborados complementarios á memoria do proxecto, valorando o recursos expresivos e comunicativos utilizados na presentación do proxecto e dos materiais explicativos anexos. (ata 5 puntos).
- 7.2. A puntuación será o resultado das medias de cualificación de cada unha das persoas integrantes da Comisión de Valoración e determinará a adxudicación da praza en función da orde de puntuación, descartando aqueles proxectos que non cumpran cos requisitos mínimos esixidos.
- 7.3. En caso de producirse un empate, este resolverase outorgando preferencia ao centro que obteña maior puntuación no criterio a, e, b, c, d, sucesivamente.

Oitava.- RESOLUCIÓN PROVISIONAL.

- 8.1. Unha vez rematado o proceso de selección das solicitudes, a comisión de selección fará pública a resolución provisoria no portal educativo desta Concellaría <http://www.coruna.gal/educacion> dos centros beneficiarios e non beneficiarios (suplentes e excluídos) do programa de intercambio.
- 8.2. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da súa publicación para efectuar reclamacións ou renuncias ante a persoa que exerza a presidencia da comisión.
- 8.3. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas.
- 8.4. No caso de existir renuncias á listaxe provisional, pasará a ser seleccionado o seguinte centro educativo con maior puntuación que quedase excluído da listaxe provisional de centros beneficiarios.



Novena.- RESOLUCIÓN DEFINITIVA.

9.1. Transcorrido este prazo, a comisión de selección realizará a valoración das reclamacións e renuncias recibidas e, deseguido, elevará a proposta definitiva á persoa titular da Concellaría de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica que adoptará a resolución definitiva do centro seleccionado.

9.2. No caso de existir renuncias á listaxe definitiva, pasará a ser seleccionado o seguinte centro educativo con maior puntuación que quedase excluído da listaxe definitiva de centros beneficiarios.

9.3. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicárase no portal educativo <http://www.coruna.gal/educacion>.

9.4. Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, as persoas afectadas poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Concellaría de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no portal educativo, segundo o disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

9.5. O prazo máximo para resolver este procedemento será de **tres meses**. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Décima.- OBRIGAS DOS CONCELLOS DA CORUÑA E DA CÁMARA MUNICIPAL PORTUGUESA

10.1. O Concello da Coruña será responsable da execución deste programa no seu municipio e asumirá os seguintes compromisos:

- a) Darlle apoio ao grupo seleccionado sobre o coñecemento do municipio, dos demais municipios integrantes do Eixo Atlántico e do propio Eixo Atlántico, así como do idioma portugués.
- b) Preparar, en coordinación co grupo seleccionado, o programa de actividades do grupo escolar visitante na Coruña; asegurándose de que os grupos sexan recibidos preferentemente pola alcaldesa, para que os estudantes se sintan verdadeiramente embaixadores do seu municipio.
- c) Recibir e acompañar, xunto co grupo seleccionado, ao grupo visitante de Guimarães durante a súa estadía.
- d) O Concello asumirá os gastos do alumnado e profesorado galego derivados deste intercambio: o transporte para os desprazamentos de ida e volta A Coruña-Guimarães, para o alumnado seleccionado da Coruña e 2 docentes acompañantes e un/unha técnico municipal; subscribir unha póliza de accidentes e de responsabilidade civil para cada alumna/o e profesorado participante que cubra os desprazamentos e a estadía no país de acollida.
- e) Tamén asumirá os gastos do alumnado e profesorado do grupo de Guimarães que se refiren ao seu aloxamento e a manutención na Coruña, nun establecemento hoteleiro, en habitacións dobres, con pensión completa, e aqueles outros que se consideren necesarios para levar a cabo os obxectivos deste programa.

10.2. Mentres que a Cámara Municipal de Guimarães se compromete a asumir os gastos de desprazamento do seu grupo escolar ata A Coruña; e os relativos aos mesmos conceptos mencionados no seu municipio para o grupo escolar da Coruña.



Undécima.- OBRIGAS DO CENTRO EDUCATIVO SELECCIONADO

- 11.1. O centro participante será o responsable do desenvolvemento do intercambio, tanto no aspecto organizativo como educativo durante a estadía do alumnado portugués na Coruña.
- 11.2. O intercambio será coordinado por profesorado do centro, prioritariamente membro do Equipo Directivo, quen será responsable do seu desenvolvemento e seguimento, así como a persoa interlocutora directa coas familias e co alumnado participante.
- 11.3. Durante as viaxes de ida e volta e a súa estadía a Guimarães, o alumnado seleccionado para o programa de intercambio será acompañado polos 2 docentes do centro.
- 11.4. O centro participante no programa ocuparase da selección do alumnado candidato, establecendo os criterios de selección que considere oportunos, que deberán ser públicos con anterioridade á selección, e solicitará ás familias respectivas a aceptación dos compromisos e participación no programa, así como as autorizacións ou consentimentos pertinentes debidamente asinados polos pais, nais ou representantes legais do alumnado, de acordo cos protocolos de actuación desta Consellería.

Do proceso de selección do alumnado levantarase acta, que será asinada pola persoa directora e o/a secretario/a do centro educativo. A listaxe do alumnado seleccionado e suplente, en caso de habelo, deberá ser pública. Na web do centro indicarse o lugar do centro onde esta listaxe foi pendurada. Transcorridos 15 días naturais, a listaxe deberá ser retirada.
- 11.5. As datas das mobilidades do alumnado a Guimarães e A Coruña serán concretadas de mutuo acordo polo profesorado coordinador do intercambio do centro coruñés e portugués en coordinación con Concello da Coruña e o portugués, dentro do curso académico 2025/2026.
- 11.6. O centro educativo beneficiario do programa de intercambio deberá responsabilizarse de recibir e acoller o alumnado de Guimarães no seu centro, comprometéndose a facilitar a realización das actividades programadas conxuntamente e a contribuír a que a súa estadía sexa unha experiencia enriquecedora para toda a comunidade educativa, sendo os escolares os guías/monitores encargados de darlles a coñecer a cidade.
- 11.7. O centro educativo deberá poñer a disposición do programa un espazo para realizar unha reunión cas familias, previa á viaxe a Guimarães.
- 11.8. A participación no programa de intercambio deberá ser presentada ante o Claustro de profesores e profesoras e aprobada polo Consello Escolar. A participación, planificación e avaliación deste programa recollerase na Programación Xeral Anual.

Duodécima.- OBRIGAS DAS FAMILIAS E DO ALUMNADO PARTICIPANTE.

- 12.1. O alumnado que participe no intercambio deberá cumprir coas características do programa e, salvo causa de forza maior, que deberá ser debidamente xustificada, non poderá abandonalo unha vez comezado.
- 12.2. Durante a súa estadía en Guimarães, o alumnado galego deberá participar no programa de actividades deseñado polo seu profesorado e observar as normas de organización e funcionamento do centro educativo portugués co que se realiza o intercambio.
- 12.3. Ademais da documentación de viaxe ordinaria (Pasaporte ou Documento Nacional de Identidade), as familias deberán facilitar ao centro e á persoa coordinadora unha



Concello da Coruña

autorización expresa dos pais, nais ou titores legais do alumnado participante estendida nas dependencias da Garda Civil conforme autorizan a saída da/o menor ao estranxeiro.

- 12.4. No caso de que non poida ter acceso á tarxeta sanitaria de cobertura europea (TSE), as familias deberán subscribir unha póliza de asistencia médica para o alumnado mentres estea no país de acollida.
- 12.5. As familias dotarán as/os súas/seus fillas/os de cartos de peto para os seus gastos persoais en Guimarães.

Decimo terceira.- DEREITOS DE DIVULGACIÓN E PROTECCIÓN DE DATOS

- 13.1. Concello da Coruña resérvase o dereito á divulgación dos proxectos presentados e os seus anexos, se os estima conveniente, xa sexa de forma total ou parcial.
- 13.2. Co propósito de acadar difusión e impacto en medios de comunicación xerais e especializados, enviaranse notas de prensa e invitacións institucionais.
- 13.3. Os proxenitores ou titores do alumnado participante no programa darán o seu consentimento ou rexeitarán por escrito que a imaxe dos seus fillos/as sexa reproducida nos devanditos medios.
- 13.4. Os datos persoais facilitados no formulario de inscrición, indispensables para a xestión da convocatoria, incorporaranse a un ficheiro, no que o Concello da Coruña ten a condición de responsable, para os exclusivos efectos de xestionar adecuadamente o Programa municipal “V INTERCAMBIOS ESCOLARES. VIVIR NOS MUNICIPIOS DO EIXO ATLANTICO”.
- 13.5. Polo que respecta ás garantías no tratamento de datos de carácter persoal, será efectuado de conformidade coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal, en especial: a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos e garantía dos dereitos dixitais, e o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais xa a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE.

Decimo cuarta.- ACEPTACION DAS BASES

A participación neste concurso implica a conformidade e aceptación destas bases.

Para calquera aclaración poden poñerse en contacto co Servizo Municipal de Educación do Concello de A Coruña, no teléfono 981 184 200 ext.: 10179 e 10911 ou a través do correo electrónico educacion@coruna.gal